

## PEZA DO MES

xaneiro

2025

---



**EQUIPAMENTO PESQUEIRO FLUVIAL ANTIGO**

## Equipamento pesqueiro fluvial antigo

En Galicia existe unha antiga e forte tradición pesqueira, tanto marítima como fluvial. Durante a última década, a investigación arqueolóxica vén atendendo con énfase a cuestión da pesca na antigüidade no ámbito litoral, no que a presenza de múltiples xacementos de natureza produtiva, esencialmente salinas e establecementos de salgadura, dan conta da puxanza que a explotación dos recursos pesqueiros de orixe mariña tivo durante este período no territorio actualmente galego. En terras de interior, en cambio, a ausencia de evidencias coñecidas de carácter construtivo vinculadas á pesca xustifica, en boa medida, a escasa visibilidade arqueolóxica dunha actividade, a da pesca fluvial, que debeu representar unha parte importante da base económica daquelas comunidades, nun espazo xeográfico con cursos fluviais de recoñecida riqueza piscatoria.

Con todo, a pesca ofrece outros tipos de datos arqueolóxicos igualmente relevantes. Trátase, fundamentalmente, dos vestixios de instrumental pesqueiro e dos restos de espiñas e escamas de peixe. Respecto destes últimos, o rexistro arqueolóxico procedente de xacementos de interior é, aínda, parco, dada a dificultade que supón a documentación duns achados zoolóxicos que se degradan con facilidade, e que exige o cribado minucioso dos depósitos mediante o emprego de luces de malla moi pequenas. En realidade, ata o momento actual en Galicia coñécense só dúas coleccións de ictiofauna asociadas coa pesca fluvial, ambas procedentes da antiga capital conventual de Lucus Augusti. Por conseguinte, os restos de artes e aparellos de pesca revélanse como o principal testemuño de actividade pesqueira fluvial no mundo antigo.

Tal vez un dos principais textos clásicos empregados como fonte literaria de consulta en materia de pesca fluvial é a obra de Ausonio, Mosella. Composto na segunda metade do s. IV d. C., o poema recolle diversas alusións a aparellos de liñas simples e múltiples, redes de pesca, así como especies de auga doce coñecidas e capturadas no mundo clásico. Respecto ao repertorio iconográfico de temática pesqueira no eido fluvial, particular importancia reviste o achado de tres ictiomorfos gravados sobre un pavimento de lousa no Castro de Formigueiros (Samos), no Alto Miño. Identificadas con salmónidos e datadas na primeira metade do s. I d. C., as representacións fáunicas de Formigueiros denotan, en fin, unha clara noción desta especie piscatoria por parte da persoa que as executou.

Durante a antigüidade, as liñas dos aparellos e a trama das redes de pesca fabricábanse con materiais orgánicos, ben de orixe vexetal, como o liño, o

esparto ou o cânabo, ben de orixe animal, como a la, a crina de équidos ou o pelo de suídos ou bóvidos, que, salvo en contados contextos en que conflúen unhas determinadas condicións ambientais, tenden a degradarse e desaparecer. Non obstante, todos os aparellos e artes de pesca precisan, para o seu calado na auga, de lastres, que na antigüidade se elaboraban en tres tipos de materia prima: cerámica, chumbo e pedra. Por outra banda, o carácter imperecedoiro dos anzois metálicos, férricos e de bronce, converte estes valiosos útiles de captura, xunto cos lastres pesqueiros, en testemuños indirectos das artes e aparellos aos que ían incorporados. Polo momento, o rexistro arqueolóxico galego ofrece soamente tres exemplares de anzois procedentes de terras de interior, todos fabricados en bronce e atopados en diferentes localizacións da fundación romana de Lucus Augusti, evidencia da práctica pesqueira no río Miño ao paso pola cidade ou nalgún dos seus afluentes na contorna, considerados hoxe como prezados cotos de pesca. A escaseza do conxunto de anzois responde probablemente ás dificultades de conservación dun artefacto sumamente fráxil, ademais da posible fabricación nalgún tipo de material orgánico como a madeira, de uso estendido na pesca tradicional rexional e facilmente deteriorable.

En relación co estudo dos lastres de pesca, a interpretación funcional do instrumental pesqueiro antigo comporta unha dificultade engadida, derivada de dous conceptos básicos: a polivalencia e a equifinalidade. Isto é, determinadas tipoloxías de pesas poden empregarse indistintamente en diferentes actividades. E, por outra banda, unha mesma arte de pesca pode calarse na auga con pesas de categorías diversas, imposibilitando calquera tentativa de establecer correspondencias unívocas entre lastres e redes ou aparellos. Así, respecto ás pesas elaboradas en soporte cerámico, ante a ausencia no rexistro arqueolóxico de interior, non así en xacementos costeiros, de exemplares expresamente modelados para a pesca, a confirmación desta adscrición funcional resulta complexa e arriscada, dada a dificultade para discernila dun uso téxtil, como contrapesos para tensar os fíos nos teares verticais. Por outro lado, non se deben albergar dúbidas sobre a utilidade pesqueira dos lastres de chumbo cilíndricos e laminares flexionados, de simple obtención, pois consiste no proceso de enrolado dunha lámina de metal arredor do cabo da rede ou aparello a que iría adherido. Normalmente, o proceso de ensamblaxe da placa de chumbo na corda, favorecido pola ductilidade do metal, resulta nunha forma cilíndrica ou tubular pechada, pero tamén se poden obter formas abertas, co seu característico perfil en «U» ou «V». Con todo, trátase de dous subtipos funcionalmente equivalentes, que se diferenciarían talvez no nivel de dificultade á hora de desmontalos da arte de pesca, unha vez que esta se degrada e desbota, reservando




ILUSTRACIÓN 1. CASTRO DE FORMIGUEIROS (SAMOS). GRAVADO DE PEIXE SOBRE LOUSA.

ILUSTRACIÓN 2. PESAS PLÚMBEAS CILÍNDRICAS E PESAS LÍTICAS CON ENTALLAS LATERAIS: SISTEMAS DE SUXEIÇÃO E USOS PESQUEIROS TRADICIONAIS. DEBUXOS ESQUEMÁTICOS.

os chumbos para reutilizacións posteriores, práctica documentada habitualmente no mundo da pesca tradicional. É por este motivo que os lastres de chumbo poden aparecer en forma de láminas completamente abertas, só cunha leve flexión apreciable no perfil. Especialmente interesante resultan as protuberancias presentes a miúdo na súa cara interna, pegadas dos cordeiros que ían incorporadas.

O uso de lastres de chumbo na pesca documéntase no Mediterráneo oriental dende o Bronce final. Na Península Ibérica os contextos máis antigos asócianse con asentamentos costeiros fenicio-púnicos. No territorio actualmente galego, é a partir da conquista romana cando se xeneraliza o uso do chumbo na elaboración de útiles pesqueiros, manténdose na antigüidade tardía. De entre todos os xacementos onde se rexistran este tipo de elementos da cultura material pesqueira, sobresa o Conxunto Arqueolóxico-natural de Santomé (Ourense), tanto polo volume como pola variedade dimensional das pezas documentadas. A Santomé pertencen os tres exemplares que se traen a colación nesta *Peza do mes*. A presenza de lastres pesqueiros no primixenio asentamento castrexo, así como en diferentes contextos do poboado romano que se asenta aos seus pés, testemuña o emprego de artes e/ou aparellos de pesca de tamaños diversos no curso fluvial do río Loña por parte dos poboadores de Santomé ao longo das sucesivas fases de ocupación do xacemento. No castro Coto do Mosteiro (O Carballiño), nun contexto datado entre os ss. I a. C. e I d. C., e no castro de Sta. Lucía de Astariz (Castro de Miño), nun nivel dos ss. II-IV d. C., recolléronse tamén pesos de chumbo cilíndricos, que deberon empregarse nos medios fluviais dos ríos Arenteiro e Miño, respectivamente.

Xunto cos pesos cilíndricos de chumbo, as dúas pezas líticas que son tamén aquí obxecto de comentario correspóndense coa tipoloxía de pesos pétreas con dous entallas laterais, un en cada bordo,

co obxecto de garantir o amarre dun cordel ao redor do coio empregado como soporte na súa elaboración. A selección destes dous exemplares, procedentes do castro do Castelo de Laias, obedece á singular pegada cromática dos fíos envolventes, orixinada polo seu sometemento ao proceso de queimado asociado con algún dos incendios documentados no poboado, e que por agora constitúe o único caso coñecido no NO peninsular. Convén non obviar, con todo, o posible uso téxtil deste tipo de útiles, que implica a súa consideración como pesos de tear, sen descartar a opción da polivalencia. A documentación etnográfica comarcal e rexional en materia de pesca fluvial, fonte de información fundamental no ámbito da arqueoloxía da pesca, alude ao emprego xeneralizado desta categoría de pesos, comunmente coñecidas como poutadas, na armadura de artes e aparellos de pesca diversos.

A presenza de pesos líticas con entallas laterais rexístrase de maneira masiva en contextos da Idade do Ferro, mesmo do Bronce final, no sur da provincia de Pontevedra, na metade occidental da provincia ourensá e no territorio actualmente portugués que se estende ao norte do val do Douro. Corresponde á historiografía arqueolóxica portuguesa o estudo sistemático e a clasificación desta industria lítica, denominada a miúdo como «pesos de rede» ou «pesos para pescar», aínda que os traballos máis recentes eluden a denominación funcional en favor da expresión «pesos de pedra com entalhes».

A abordaxe da cuestión da pesca e, particularmente, do instrumental empregado en tal actividade, noutras áreas da Península Ibérica e do ámbito Atlántico-Mediterráneo ofrecería novos paralelos arqueolóxicos que, sen dúbida, contribuirían ao avance do coñecemento no marco dunha liña de investigación con potencial desenvolvemento.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono: 988 788 417

Horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

## Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaro, s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Laura Casal Fernández

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco

**musarqourense**  
museo arqueolóxico provincial de Ourense

